

ANEXO II

Solicitud de participación na VI convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2024)

Centro proponente:
Facultade de Ciencias da Comunicación

Denominación da práctica:
Redes Sociais FaCom

Proceso(s) do SGC implicado(s):
PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades e PS-06 Información pública e transparencia

Datas de desenvolvemento da práctica:	
Acción de Mellora:	Proposta no Plan Anual de Melloras adxunto á Memoria de Calidade 2023, co obxectivo de incrementar ($\geq 50\%$) o valor do <i>IN48G. Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida</i> , nos títulos de Grao en Comunicación Audiovisual, Grao en Xornalismo e Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual; consistente en realizar unha campaña de concienciación do Grupo de Interese: estudantado, para fomentar a participación nas Enquisas de satisfacción coa docencia recibida, a través dos perfís oficiais das redes sociais da Facultade (@facom_usc); centrada na elaboración, por parte do alumnado titor, de series de vídeos que identificasen a participación nas enquisas como un asunto propio, específico, e polo tanto en absoluto alleo ao estudantado.

Data de Planificación:	Plan de Melloras 2023-2024. Código da acción ID: CAV/XOR/DG-03 (2023-2024).
Data de Implantación:	Novembro 2023
Data de Avaliación:	Decembro 2024
Data de Axuste e Mellora:	Decembro 2024

Breve descrición da práctica:
<u>Detección dun problema:</u> O valor de <i>IN48G. Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida</i>, foi particularmente baixo no curso 2022-2023: ▪ Grao en Comunicación Audiovisual: 22% ▪ Grao en Xornalismo: 31,63 ▪ Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual: 22,64% <u>Proposta de solución ao problema:</u> Elabórase unha acción de mellora no marco do Plan anual de Melloras 2023 e impleméntase en 23-24, consistente na creación da <i>Sección central do perfil de Instagram: Estudantado</i>, ideado como un espazo de autoxestión deste Grupo e, nesa mesma medida, integrado exclusivamente por asuntos do seu interese. Esta sección están integrada polos seguintes asuntos: • As “recomendacións do alumnado tutor”: cada cuatrimestre, un par de estudantes, que previamente se presentan á comunidade de seguidores, elaboran recomendacións relacionadas co SGC do Centro. Coñece o alumnado tutor Facomsello do alumnado tutor ▪ A promoción de iniciativas formativas do estudantado, coma os clubs de cine, fotografía, lectura, a FaCom Band ou o FaCom Fest. Vídeo proxecto alumnado FaCom Fest Vídeo proxectos alumnado 1ª parte Vídeo proxectos alumnado 2ª parte ▪ As experiencias particulares dos programas de mobilidade e de prácticas: Facomsello Erasmus de Sara Jiménez Facomsello de Alice Guelpa Convenio bilateral - Sebastián Joffre • As escollas da comunidade “alumni” relativas á comunidade profesional, nas que o estudantado promove visitas, charlas, encontros con profesionais do sector do xornalismo e da comunicación, ao abeiro das distintas materias: Visita de Laura González Fungueiriño Visita de Belén Regueira <u>Amplitude da acción:</u> Esta acción de mellora non se circunscribe, desde o punto de vista tanto da súa execución, como da súa eficacia, ao incremento da taxa de participación na enquisa de satisfacción coa docencia recibida, tal como se contempla en <i>PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades</i>; senón que tamén da cumprimento a: ▪ Plan de captación de alumnado, tal como se contempla en <i>PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación</i>.

- Accións de atención ao estudantado, tal como se contempla en *PC-03 Apoio a estudantes*.
- Difusión das accións de atención ao estudantado, tal como se contempla en *PS-06 Información pública e transparencia*.
- Accións de acollida e orientación a estudantes, entre o que se inclúe a orientación laboral, tal como se contempla en *PC-03 Apoio a estudantes*.
- Promoción da mobilidade e das prácticas curriculares, tal como se contempla en *PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas*.

Breve avaliación da eficacia da práctica na mellora do SGC*:

A eficacia da acción pode apreciarse a través da seguinte evidencia: o incremento do valor de *IN48G. Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida* no seguinte **curso académico 2023-24**:

- Grao en Comunicación Audiovisual: 45,54%.
- Grao en Xornalismo: 57,31%.
- Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual: 62,5%.